



Published on *CEIP López Ferreiro* (<https://www.edu.xunta.gal/centros/ceiplopezferreiro>)

[Inicio](#) > [Blogs](#) > [blogue de admin1](#) > Tradidáticos

## Tradidáticos

Enviado por [admin1](#) [1] o Mar, 05/13/2025 - 08:56

[Curso 24 25](#) [2] [Potenciación do uso da lingua galega](#) [3]

O pasado 23 de abril recibimos a visita de Manuel Pardo, docente de pandeireta, gaita, percusión e baile e integrante de varios grupos vencellados á música tradicional galega (AILÁ, A Banda das Crechas ou Os Estalotes). A través do seu proxecto @tradidaticos.gal, creado coa idea de perpetuar a nosa herdanza cultural, Manuel achegouse ao centro para compartir co alumnado de Educación Infantil e o 1º Ciclo de Primaria un obradoiro moi interesante. Nel, ofreceuse aos nenos e ás nenas a posibilidade de ver de preto os diferentes instrumentos da tradición galega (varios tipos de gaita, pandeireta, tambor, cunchas, castañolas, acordeón...), coñecer as súas partes ou a técnica coa que se tocan.

Tratouse dun obradoiro interactivo, posto os/as rapaces/as puideron tocar moitos dos instrumentos e mesmo acompañaron a Manuel nalgunha das cancións.

Experiencias como esta, favorecen o desenvolvemento musical do alumnado e fomentan o coñecemento e o respecto polo noso patrimonio cultural.



Feito con Drupal (ver. 6.28)



Proxecto Webs dinámicas

Xunta de Galicia - Consellería de Educación, 2013

Source URL: <https://www.edu.xunta.gal/centros/ceiplopezferreiro/node/673>

### Links:

[1] <https://www.edu.xunta.gal/centros/ceiplopezferreiro/user/56>

[2] <https://www.edu.xunta.gal/centros/ceiplopezferreiro/taxonomy/term/89>

[3] <https://www.edu.xunta.gal/centros/ceiplopezferreiro/taxonomy/term/76>